

## Obxectivos:

Pódense destacar como principais obxectivos do curso os seguintes:

- A formación e o perfeccionamento do persoal empregado público para poñer en práctica unha contratación pública que promova a innovación.
- A remoción dos obstáculos que impiden promover a innovación desde a demanda, capacitando ao persoal público para preparar as licitacións de maneira que se incentive a presentación de ofertas que incorporen solucións innovadoras.
- O traballo con casos prácticos reais, para permitir unha formación experiencial.

## Persoas destinatarias:

O curso diríxese ao persoal empregado público en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, que realice funcións relacionadas coa compra pública innovadora, que poida xustificar debidamente que as súas funcións están relacionadas coa materia impartida e que se encadre nalgunha das seguintes categorías:

- a) Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- b) Grupos I e II do persoal laboral.

No caso de non cubrirse a totalidade das prazas convocadas, as vacantes que resulten poderán ser cubertas por persoal empregado público en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración local galega, que realice funcións relacionadas coa compra pública innovadora e que se encadre nalgunha das seguintes categorías:

- a) Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- b) Grupos I e II do persoal laboral.

## Convocatoria:

DOG núm. 63, do 31 de marzo de 2022.

## Lugar de desenvolvemento:

EGAP, rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

## Información e matrícula:

Teléfonos: 981 546 239 / 981 546 241

Correo: [novas.egap@xunta.gal](mailto:novas.egap@xunta.gal) / Web: <https://egap.xunta.gal>

Inscrición: <https://egap.xunta.gal/matricula>

# ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Curso monográfico

## *Itinerario de excelencia na demanda de innovación*

( PU22010-SANTIAGO )

Santiago de Compostela, 19, 20, 21, 26 e 27 de abril de 2022



ESCOLA GALEGA  
DE ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICA

 Xacobeo 21-22

Martes 19 de abril de 2022: das 16:30 ás 20:00 horas.

### 1ª SESIÓN: INMERSIÓN NA CPI E INNOVACIÓN PÚBLICA ABERTA.

- ✓ Proceso de innovación no sector público: *bottom-up* e *top-down*.
- ✓ Elementos clave e factores críticos do proceso de xestión da innovación.
- ✓ A visión da cidadanía dentro do proceso de xestión da innovación.
- ✓ Boas prácticas e casos de éxito.
- ✓ Ferramentas de innovación pública aberta.

**Test:** Que tipo de innovador son?

**Taller:** Canto sei sobre CPI?

Mércores 20 de abril de 2022: das 16:00 ás 20:00 horas.

### 2ª SESIÓN: ENTEDEMENTO DO PROCESO DE COMPRA PÚBLICA INNOVADORA. ETAPAS E ACTIVIDADES.

- ✓ As políticas de innovación e a compra pública innovadora (CPI).
- ✓ Fases do proceso de CPI: planificación, xestión e avaliación.
- ✓ Elementos facilitadores e inhibidores que impactan no deseño dun CPI.
- ✓ Beneficios para os compradores, as entidades proveedoras e a sociedade.
- ✓ Boas prácticas e casos de éxito.

**Taller 1:** Cultura innovadora para identificar barreiras á planificación da CPI.

**Taller 2:** Diferenciación CPP e CPTI en relación aos TRL.

**Autodiagnose** de capacidades para afrontar a CPI en cada Consellería.

#### CADRO DE DOCENTES:

##### 1ª sesión:

Sandra Sinde. Directora de CPI e innovación aberta en IDOM.  
Lucía Díez. Consultora de CPI e innovación aberta en IDOM.

##### 2ª sesión:

Sandra Sinde. Directora de CPI e innovación aberta en IDOM.  
Lucía Díez. Consultora de CPI e innovación aberta en IDOM.  
Beatriz Allegue Requeijo. Letrada da Xunta de Galicia. Asesoría Xurídica Xeral.

##### 3ª sesión:

Sandra Sinde. Directora de CPI e innovación aberta en IDOM.  
Lucía Díez. Consultora de CPI e innovación aberta en IDOM.  
Ander Pomposo. Consultor Estratexia de innovación en IDOM.

##### 4ª e 5ª sesión:

Sandra Sinde. Directora de CPI e innovación aberta en IDOM.  
Alejandra García Montoliu. Consultora de CPI e innovación aberta en IDOM.

Xoves 21 de abril de 2022: das 16:00 ás 20:00 horas.

### 3ª SESIÓN: IDENTIFICACIÓN DE RETOS NA CPI.

- ✓ Proceso de identificación de necesidades e aplicación de criterios de priorización de retos para procesos de CPI.
- ✓ Afondamento e análise do problema e do reto identificado e priorizado.
- ✓ Metodoloxías de análise de problemas.

**Taller 1:** Identificación de retos.

**Taller 2:** Análise e afondamento de retos.

Martes 26 de abril de 2022: das 16:00 ás 20:00 horas.

### 4ª SESIÓN: CREANDO PROXECTOS DE CPI. FINANCIAMENTO FID.

- ✓ Instrumentos de financiamento nacional e internacional da CPI.
- ✓ Aspectos clave para a preparación de proxectos a presentar para obter financiamento do programa FID do MCIN.

**Taller:** Aspectos clave para presentar proxecto CPI para a obtención de financiamento nas axudas FID co MCIN.

Mércores 27 de abril de 2022: das 16:00 ás 20:00 horas.

### 5ª SESIÓN: XESTIONANDO PROXECTOS DE CPI FINANCIADOS POR FID.

- ✓ Cambios nos procesos da organización froito da implementación dun proceso CPI.
- ✓ Como organizar unha consulta preliminar ao mercado (CPM) paso a paso.
- ✓ Elaboración de prego funcionais para procesos de CPI en diferentes procedementos: contratos de CPP, licitación con negociación, diálogo competitivo, asociación para a innovación.
- ✓ Ciclo de vida do produto ou servizo.

**Taller 1:** Tips relevantes para a organización dun proceso de CPM.

**Taller 2:** Ciclo de vida de produto e servizos.

**Test final** de capacidades de CPI: Canto aprendín sobre CPI?

#### NOTA:

Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación.  
As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola:  
<https://egap.xunta.gal>